



PROPOSTA DE DERROGACIÓN DAS REFORMAS LABORAIS

As sucesivas reformas laborais levadas adiante polos gobernos españois, con posterioridade á aprobación do Estatuto dos Traballadores de 1980, supuxeron un importante retroceso nos dereitos individuais e colectivos da clase traballadora ao desregular e/ou flexibilizar as condicións en materias como a contratación, facilitándose e abaratándose o despedimento, a xornada, o salario ou mesmo o cumprimento ou negociación dos convenios colectivos.

As últimas reformas laborais promovidas, durante os anos 2010, 2011 e 2012, por gobernos do PSOE e PP, respectivamente, con diferentes niveis no seu contido e importancia, afondaron nesa liña neoliberal de individualización e desregulación das relacións laborais. Facilitouse e abaratouse o despedimento, tanto colectivo como individual; xeneralizouse o contrato a tempo parcial; facilitouse ás empresas o incumprimento dos convenios; debilitouse a negociación colectiva a través da súa atomización, quebrouse o principio de igualdade das partes ao deixar nas mans da patronal as decisións relativas aos procesos de despedimento e modificacións colectivas sen acordo; estatalización e limitación da súa ultraactividade a un ano; facilitouse a modificación substancial das condicións de traballo e a distribución irregular da xornada; legalizáronse as axencias privadas de colocación; flexibilizouse a contratación en beneficio da patronal, etc.

O sistema de protección social tampouco quedou sen tocar nesta ofensiva do capital contra a clase traballadora, baixo a xustificación de tratarse de políticas necesarias derivadas da forte crise económica do 2008.

A necesidade dunha lexislación laboral e social que restitúa os dereitos perdidos e favoreza novos dereitos e regulacións é máis urxente que nunca ante a nova situación de crise e as novas formas de explotación e precariedade.

Na actual crise derivada da pandemia a vixencia e aplicación desta regresiva lexislación constitúe unha auténtica ameaza para o mantemento do emprego e dunhas mínimas condicións salariais e laborais dignas, especialmente a relativa aos capítulos referidos ao despedimento, suspensións temporais de emprego e negociación colectiva.

A lentitude deste proceso legislativo, por riba viciado de orixe pola lacra do chamado diálogo social, non pode significar que o avance da crise teña lugar coa plena e vigorosa vixencia deste marco normativo que está a contribuír a un empeoramento da situación con máis ERE, peches de empresas, abaratamento dos despedimentos masivos, modificacións das condicións de traballo, descolgues salariais, inaplicación de convenios colectivos, centralización das relacións laborais, etc., que están estendendo o desemprego, a pobreza laboral, a desigualdade e a exclusión social.

Polo tanto, cómpre actuar xa para frear esta situación que estamos a vivir por decisións unilaterais da patronal e sen control ningún por parte das administracións públicas. Non dar pasos adiante con firmeza e celeridade nesta dirección impide atopar unha saída xusta da crise e unha verdadeira recuperación económica e social.

Por todo o exposto, demandamos:

1.- A derogación inmediata de todas as reformas laborais iniciadas no 2010 até a actualidade. En concreto, a derogación do RDL 10/2010, RDL 7/2011, RDL 20/2012, LEI 3/2012, e toda a demais normativa que a desenvolveu.

2.- En tanto non se aproba unha **nova lexislación laboral** entrarán en vigor todos e cada un dos artigos e regulamentos existentes con anterioridade a estas normas, concretamente os referidos a: **fondo de garantía salarial, modificacións substanciais de condicións de traballo, suspensión do contrato ou redución de xornada por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción ou derivadas de forza maior, extinción do contrato, extinción do contrato por causas obxectivas, forma e efectos da extinción por causas obxectivas, despedimento improcedente, da negociación colectiva e dos convenios colectivos.**